



Concello de Meaño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2024/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	11/03/2024
Duración	Desde as 14:00 ata as 14:30 horas
Lugar	Salón de Sesións da Casa Consistorial
Presidida por	CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ
Secretario	BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA

ASISTENCIA A SESIÓN

DNI	NOME E APELLIDOS	ASISTE
3097*	CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (VEDM)	SI
8149*	MERCEDES COUSIDO GARCÍA (VEDM)	SI
9335*	RAQUEL BALBOA TORRES (VEDM)	SI
8206*	JORGE BESADA SERÉN (VEDM)	SI
3206*	BELÉN MOSTEIRO LOBATO (VEDM)	SI
6105*	SHEILA FETEIRA SANTOS (VEDM)	SI
3168*	RAMÓN TILVE CASTRO (VEDM)	SI
4163*	RAMÓN ALFONSO PIÑEIRO (VEDM)	SI
8245*	CRISTINA CASTRO PINTOS (MI)	SI
0873*	JOSÉ ANGEL LUBIAN BARREIRO (MI)	SI
8139*	JOSÉ MANUEL ASPEREZ MONTES (MI)	SI
8240*	JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ (PP)	SI
4590*	ROSANA DOMÍNGUEZ REY (BNG)	SI





Concello de Meaño

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación das actas das sesións do 29/12/2023 e 23/01/2024

Favorable

Tipo de votación: unanimidad

Dáse conta dos borradores das actas da sesións do día 29/12/2023 e 23/01/2024, que unha vez examinadas son aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

2.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Ó ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2024 E A MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT E APROBACIÓN DEFINITIVA, SI PROCEDE. (EXP. 970/2023).

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da proposta de acordo asinada pola Alcaldía, co seguinte teor literal:

Expte.: 970/2023

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente de Orzamento Municipal 2024, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de data 29/12/2023, xunto coa modificación puntual da relación de postos de traballo do concello de Meaño.

Visto o orzamento municipal foi exposto ao público durante os quince días hábiles transcorridos dende o día 08/01/2024 ao 26/01/2024, ámbolos dous incluídos, anunciando esta exposición por edictos publicados no BOP nº 04, de data 05 de xaneiro de 2024, na páxina Web do Concello de Meaño e no taboleiro de anuncios, presentándose a seguinte alegación:

Registro de entrada nº	Data	Interesado
2024-E-RE-125	24/01/2024	Central Sindical Independiente y de Funcionarios en la Provincia de Pontevedra (CSIF)

Visto que a modificación puntual de postos de traballo estivo exposto ao público durante os vinte días hábiles, transcorridos dende o día 10 de xaneiro ata día 06 de febreiro de 2024, ámbolos dous incluídos, anunciando esta exposición por edictos publicados no BOPP, nº 6, de data 09 de xaneiro, na páxina web, no taboleiro de anuncios dixital, presentándose a seguinte alegación:

Nº	Data	N.º rex entrada	PRESENTADA POR:
1	05/02/2024	2024-E-RE-181	JERONIMO FERNÁNDEZ VICENTE (CSIF)





Concello de Meaño

Vistos os informes obrantes no expediente as alegacións presentadas:

1.-Informe de Intervención nº 2024-0003 de data 05/03/20247 no que se propón a inadmisión dá reclamación presentada ao Orzamento municipal 2024 por non axustarse ás causas taxadas contidas no artigo 170.2 do TRLRFL.

2.- Informe da Técnico de xestión administrativa sobre as reclamacións á modificación puntual da RPT presentada polo CSIF, no que se propón “Desestimar integramente as alegacións presentadas o 5/02/2024 (n.º rex. 2024-E-RE-181)”.

Visto que o órgano competente para a resolución das reclamación presentadas e o Pleno, sométese a ditame da Comisión Informativa, a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Desestimar á reclamación presentada polo CSIF ao Orzamento 2024, por non axustarse ás causas taxadas contidas no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Desestimar en todos os seus extremos a reclamación presentada polo CSIF a modificación puntual da RPT do concello de Meaño de conformidade co informe emitido pola Técnico de xestión administrativa que serve de motivación ao presente acordo.

TERCEIRO.- Elevar a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 29/12/2023, de aprobación do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio 2024, coa documentación e acordos que o integra, pola contía de CATRO MILLÓNS OCHENTA E OITO MIL NOVECENTOS ONCE CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (4.088.911,36 €) no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos e proceder a publicación resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, de acordo cos antecedentes obrantes no expediente e remitir copia do acordo adoptado aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publicar a modificación no Boletín Oficial da Provincia.

Tras as deliberacións se somete a citada proposta á votación se aproba con por 9 votos a favor (8 do grupo municipal do VEDM e 1 voto do concelleiro do grupo mixto D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez) e 4 votos en contra (3 do grupo municipal MI e 1 da concelleira do grupo mixto Dona Rosana Domínguez Rey).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos





Concello de Meaño

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato : VIDEO (WMV)

Nombre archivo : {9AF79A5C-8265-4E58-894B-F4A3C55BAEF1}.wmv

SHA512(Firma) :

391ea84ae50abd914e88ee0151657261cbc4c76e2473319effc3afe87db95fc44b75734f907806f5a921e79a8ddf707c3ace0a8b118cb5256b8568d0321f0cd8

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

